

20 ANOS DA AULA DA NATUREZA DE COTORREDONDO

Teixugo S.Coop



O centro de acollida de visitantes e o lago Castiñeiras.

Hai xa 20 anos un grupo de persoas que naquel tempo formabamos o Grupo de Educación Ambiental LANDRA comezamos, tan xóvenes como inconscientes, a posta en marcha da Aula da Natureza de Cotorredondo. Non é frecuente, especialmente neste país, que un equipamento de Educación Ambiental, un proxecto educativo comprometido e o equipo que o desenvolve sobrevivan dúas décadas, polo que parece pertinente facer memoria e, se cadra, celebrar estas dúas décadas de resistencia.

A Aula da Natureza de Cotorredondo está situada no Parque da Natureza do Lago Castiñeiras, no centro da Península do Morrazo (Pontevedra). Nas súas orixes este espazo foi deseñado como unha área recreativa, considerada a maior de Galiza tanto pola súa extensión como polo seu nivel de utilización e afluencia de visitantes. Os terreos son propiedade das comunidades de montes das tres parroquias lindantes e pertencen aos concellos de Marín e Vilaboa. A súa xestión corresponde á Xunta.

O Parque forma unha complexa rede de microsistemas forestais heteroxéneos con grande presenza de especies exóticas estruturados arredor do lago e os regatos que o alimentan, dando lugar a un espazo singular, semellante a unha illa no medio dun mar ocupado polos monocultivos produtivistas de piñeiros e, sobre todo, eucaliptos. Neste momento ocupa unha extensión de máis de 50 Ha.

A Aula foi a primeira vivenda do axente forestal da zona, pechada tras a cons-

trucción dunha nova vivenda. Permaneceu sen uso durante anos ata que foi habilitada como Aula de Natureza no ano 1988. Conta cunha sña, un porche de entrada e un pequeno almacén.

No ano 2007 a Comunidade de Montes de Vilaboa cedeu aos xestores do Parque a cabana situada á beira do lago, que contivo hai anos as piscinas para cría de troitas, onde se atopa na actualidade o Centro de Visitantes e Punto de Información Ambiental do Parque da Natureza.

O PROXECTO EDUCATIVO

O Proxecto educativo da Aula da Natureza de Cotorredondo inicia o seu andar no mes de maio de 1.989, sendo daquela a única instalación permanente de Educación Ambiental coa que contaba a Administración galega. Parte das persoas que conforman na actualidade o equipo educativo de Teixugo Sociedade Cooperativa foron as responsábeis da proposta e desenvolvemento do Proxecto educativo e interpretativo.

Orixinalmente, o proxecto educativo, condicionado polo contexto e a visión da época, centrábase en aspectos naturalistas, tendo como obxectivo a "sensibilización para a conservación da natureza", empregando como recurso didáctico o contraste entre a zona repoboada con especies autóctonas e os monocultivos colindantes. Paralelamente desenvolvíamos o proxecto educativo do Centro de Recuperación de Fauna Silvestre. Os destinatarios e destinatarias prioritarios eran

nenos e nenas de ensino primario, aínda que tentando implicar no proceso aos seus pais, nais e mestres/as. Xa daquela tiñamos a intuición de que non eran precisamente os rapaces e rapazas os maiores responsábeis da degradación ambiental.

Pero o proxecto educativo nin era, nin podía ser, un documento pechado, nin se podía desenvolver illado do espazo. A Aula e o Parque atópanse inmersos nun contexto dinámico e complexo que evoluciona e condiciona as diferentes actuacións que se propoñen nel. O proxecto educativo tiña que avaliarse, medrar, evolucionar, e ser revisado paralelo ao crecemento e á evolución do espazo. De feito os proxectos educativo e interpretativo xa van pola súa cuarta revisión.

Decidiuse dar un paso adiante, rexenerar o contorno, empezando pola retirada dos monocultivos para, gradualmente, devolverlle a vexetación orixinal. Paralelamente iniciouse o proceso de converter o Lago Castiñeiras nunha área de refuxio para flora e fauna silvestre como unha transgresión da triste norma que "artificializa" os espazos naturais... Alí "naturalizamos" un lago artificial. Pódense reconquistar espazos degradados. O eixo transversal do proxecto educativo céntrase en que é posíbel (aínda que complexo) a coexistencia entre humanidade e natureza. Esta evolución tamén nos levou a deixar de empregar a fauna en cativeiro existente con fins educativos, de feito os antigos peches cinéticos xa non teñen animais en cadea perpetua nin facemos actividade algunha no interior do Centro de Recuperación de Fauna Silvestre.

É de resaltar que, tal e como se recomenda na revisión da Estratexia Galega de Educación Ambiental, e insiste a nova Carta de Calidade dos Equipamentos de Educación Ambiental, estes vinte anos de actividades educativas e interpretativas non só non supuxeron unha merma na biodiversidade do contorno, senón que sufriu unha esperanzadora progresión.

No Parque da Natureza atópase tamén a necrópole megalítica de "Chan de Castiñeiras", no que se encadran cata-

logados sete túmulos funerarios cunha datación media de 5.500 anos de antigüidade. A mámoa máis sobresaínte deste xacemento, denominada "Mámoa do Rei", sufriu como as restantes un proceso constante de expolio e abandono, con destrución e desaparición de moitos dos seus ortostatos perimetrais e o conseqüente afundimento da súa cuberta. Este conxunto megalítico foi incluído en 1993 na oferta das actividades educativas da Aula de Natureza. Tras azarosas xestións, a "Mámoa do Rei" foi reconstruída e na actualidade tamén están a restaurarse as demais. Paralelamente na zona do xacemento, cuberta por monocultivo de eucalipto, fíxose unha repoboación restituíndo a vexetación orixinal existente na época en que se data a necrópole que explica e contextualiza a relación entre a humanidade e o seu contorno.

Durante o período inicial da Aula compaxinábamos os aspectos naturalistas con elementos de ecoloxía urbana, enerxía e xestión (pois daquela estes obradoiros non estaban moi desenvolvidos no sur do país). Neste senso, a Aula de Cotorredondo foi un dos primeiros equipamentos públicos no que se desenvolveron unidades didácticas sobre redución e reciclaxe de distintos elementos, obradoiros de enerxías renovábeis, divulgación da recuperación de fauna silvestre, interrelación de natureza e patrimonio arqueolóxico, etc.

DESTINATARIOS/AS

Os axentes sociais destinatarios da oferta educativa tamén evolucionaron, e



Mámoa do Rei, Chan de Castiñeiras, 5.500 anos de identidade.

aínda que segue sendo a poboación escolar a que maioritariamente demanda as actividades, tentamos traballar con colectivos de persoas adultas, especialmente con aqueles actores máis determinantes para afrontar a crise ambiental. Foi un dos primeiros lugares en Galiza no que se deseñaron e realizaron actividades prácticas específicas para colectivos cos que non resultaba usual desenvolver actividades didácticas na natureza (persoas con cegueira, autistas, síndrome de Down), así como programas de actividades para preescolares e escolas infantís, programas para a 3ª idade, colectivos de amas de casa e asociacións de mulleres rurais ou aulas de alfabetización de adultos.

Gústanos o intercambio de experiencias e coñecer e compartir outras realidades, deste xeito realízanse periodicamente visitas de centros e grupos de diversos países (Portugal, Franza, Bélxica, Estados Unidos), que se unen ás frecuentes visitas desde outras provincias e comunidades do Estado. Desde o seu comezo, pasaron pola Aula de Cotorredondo máis de 65.000 participantes nas actividades educativas, organizados en 3.000 grupos. En 1.999 Teixugo S.Coop. comezou a xestionar

durante as fins de semana e no verán o Centro de Acolloida de Visitantes. A partir dese primeiro ano os días de apertura fóronse ampliando ao resto do ano. Nestes 10 anos, achegáronse ao Centro de Visitantes máis de 23.000 persoas.

TECENDO REDES

Formamos parte das principais redes estatais e galegas de equipamentos de Educación Ambiental (Rede Galega de Equipamentos de EA, Grupo de Traballo da SGEA, Seminario Permanente de Equipamentos de EA do CENEAM). O feito de formar parte destes proxectos implica un compromiso polo establecemento dun control de calidade en todo o traballo, desde o deseño dos proxectos ata a realización das actividades. Dentro destas redes, o equipo técnico de Teixugo S.Coop. colaborou na redacción da nova Carta de Calidade para os Equipamentos de EA para a Consellaría de Medio Ambiente, participou no capítulo de Equipamentos do Proxecto Fénix (Estudo da Educación Ambiental en Galiza, por encargo da D.X. de Desenvolvemento Sostíbel), no asesoramento ao Seminario Permanente de Equipamentos de EA en materia de profesionalización dos equipos educativos e na calidade dos proxectos.


OS RETOS

Para o Parque da Natureza iníciase o proceso de ser declarado Espazo Natural Protexido. O proxecto educativo medrará e alimentárase dese proceso. As persoas que formamos Teixugo S.Coop. mantemos o compromiso e a militancia ecoloxista, non é pouco reto sobrevivir con este compromiso, e xestionamos a nosa empresa con criterios éticos. Eses seguen a ser os retos.

+info: www.cotorredondo.net
www.teixugo.com



Actividades educativas para toda a sociedade.



Aula de natureza de Cotorredondo no seu contexto.